

12 / FERROL

O recanto

Vivir e celebrar a fe en galego

Victorino Pérez

Hai un tópico sobre Ferrol que —na miña humilde opinión—, como seica se debe dicir... non corresponde á realidade; ou polo menos non se corresponde de maneira tan absoluta como teño oído antes e despois de chegar a esta cidade. É a rotunda afirmación de que iso de "en Galiza en galego" non vale para esta capital de ultramar, na que os seus habitantes falan o castelán máis e mellor que en ningún outro lugar de Galiza —"Mejor que en Valladolid"—. O castelán sería aquí tan maioritario que falar galego en Ferrol sería coma ser un extraterrestre. Ouso dicir que iso é un tópico que non se corresponde coa realidade, porque Ferrol, non só cambiou hai xa tempo o seu topónimo -xa non se chama El Ferrol-, senón que ten realidades cunha clara identificación galega. Ademais de que moita xente da rúa fala galego a cotío, no mundo da cultura conta con egrexios escritores en galego como Carvalho Calero xunto cun premio literario que leva o seu nome e mesmo ten a sede do "Barrio galego de Internet", Vieiros, onde o galego aparece por defecto na "homepage", con ligazóns para cambiar ao español ou ao inglés. Pero tamén hai unha realidade galega no mundo da empresa (unha

asociación de empresarios que pensan que poden vender mellor en galego, o Centro de Estudos Lingua e Empresa) e no mundo da política. Neste último eido, ao anterior alcalde non lle importaba falar en público nesa presuntamente lingua paria; e, para máis inri dos antigalegos, a partir deste fin de semana esta capital vai ter un alcalde é un goberno nacionalista, que vai falar arreo en galego, co apoio dos miles de ferroláns que lle deron o seu voto... a el e ao seu partido nacionalista galego. Só queda a Igrexa. Pero esta cidade tivo nun pasado recente o bispo máis galeguista de Galiza, Miguel-Anxo Arátijo, e unha parte do seu clero dinamizou desde ela a inculturación galega da Igrexa a través dun material para a liturxia e a catequese que levaba por expresivo nome "Boa Nova". E hoxe? Hoxe, se queren, os católicos de Ferrol tamén poden participar habitualmente na liturxia en galego, e seren evanxelizados en galego nalgunhas parroquias.

Con todo, é esta institución a que quedou máis atrás no camiño que a sociedade galega emprendeu nas últimas décadas para que o galego pasara de ser lingua de "incultos" e "aldeanos" a converterse na lingua da cultura neste país, entrara con

normalidade no mundo do ensino, da política (aínda que fora, ás veces, litúrxicamente) e mesmo da empresa.

Este atraso é o que quere superar o "Bienio Irmandiño", que celebrou o pasado sábado 26 de Xuño en Compostela un encontro festivo e reivindicativo co nome de "A loita pola palabra". Na emblemática Carballeira de Santa Susana, xuntámonos máis de mil persoas de toda idade e condición, representando a tódolos eidos da sociedade galega (escritores, avogados, profesores, investigadores, amas de casa, empresarios, dependentes, labregos, obreiros...). Medio cento de persoeiros significativos de Galiza subiron ao estrado para manifestar alí o seu apoio a esta iniciativa, para vivir e celebrar en galego a fe cristiá. "Irmandiños da fala anceiando implantala dunha vez por todas no mundo da fe", dixo Xulio Xiz.

Alí escoitamos de novo as verbas de Celso Emilio Ferreiro, que cantaba hai anos a ferrolá María Manuela, unhas palabras de Ferro Ruibal, a Neira Vilas e a súa dona Anisia, a Manuel María... e a Lois Diéguez falar da "inspección de Xesús Cristo" ("Vinte séculos e todo segue igual... díxolle El ao lobo que o acompañaba").